



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Paraño Oeste nos concellos de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense), promovido por Torre de Hércules, S.L., clave 2011/0061,

EXPÓN:

1. Que, de acordo co "Documento de inicio" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto afectaría ao hábitat de conservación prioritaria na Unión Europea 4020 *Uceiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de Erica ciliaris e Erica tetralix* e aos hábitats de interese comunitario 4030 *Uceiras secas europeas* e 4090 *Uceiras oromediterráneas endémicas con aliaga*.
2. Que, de acordo co "Documento de inicio", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 11 especies de vertebrados catalogadas (*Chioglossa lusitanica*, *Hyla arborea*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Circus pygargus*, *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros*, *Myotis myotis*, *Myotis nattereri* e *Myotis emarginata*).

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o proxecto Parque Eólico Paraño Oeste nos concellos de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense), promovido por Torre de Hércules, S.L., clave 2011/0061 se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe alternativas para non afectar ó hábitat de conservación prioritaria 4020 *Uceiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de Erica ciliaris e Erica tetralix*.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Chioglossa lusitanica*, *Hyla arborea*, *Rana iberica*, *Rana temporaria* e *Galemys pyrenaicus*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Circus pygargus*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros*, *Myotis myotis*, *Myotis nattereri* e *Myotis emarginata*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

- c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 19 de maio de 2011